

COMENTARIO DUN TEMA XERAL DE ACTUALIDADE**Texto**

Quizás haya que copiar a los italianos. En Italia, los menores de edad no podrán navegar libremente por internet desde sus teléfonos móviles en caso de que no cuenten con un control parental activado en sus dispositivos o hayan conseguido burlarlo.

Muchos considerarán la medida excesiva, sobre todo aquellos padres que entregan un móvil a sus hijos para que de esa forma sus vástagos les den la menor lata posible. Sin embargo, a mi entender, no lo es en modo alguno. No debemos pasar por alto que los menores, salvo casos excepcionales y en la práctica, tienen el mismo acceso que un adulto a páginas con contenidos relacionados con la pornografía, venta de armas, juegos de azar y apuestas, drogas, instigación al suicidio, el odio y la intolerancia y un largo etcétera.

No pensemos que los italianos han encontrado la panacea para que los menores de edad no puedan acceder a lugares tan poco recomendables. Los chavales están alarmantemente preparados para burlar estos controles. Pero, cuando menos, es una toma de postura por parte del Gobierno de aquel país para reconocer que el problema es importante, y hay que empezar a concienciar a la población de que ha llegado el momento de atajarlo.

Los jóvenes no van a poner nada de su parte para, *motu proprio*, dejar de visitar esas páginas. Por eso son las autoridades, y sobre todo los padres, quienes tienen que dejarse la piel educando a sus hijos en la cultura de que todos esos contenidos son superfluos y nocivos. Ellos no los tuvieron en su niñez y adolescencia y tan mal no les fue en la vida.

(Ignacio Bermúdez de Castro, *La Voz de Galicia*, 22 de noviembre de 2023)

CUESTIONES

1. Indique, en una frase de no más de 25 palabras, cuál es el tema principal que se trata en el texto. [2 puntos]
2. Resuma, en una extensión aproximada de 100 palabras, el contenido del texto, reflejando las ideas principales y secundarias de este. [2 puntos]
3. Elabore un comentario crítico en el que exprese su opinión sobre el contenido del texto, manifestando, de forma argumentada y razonada, su acuerdo o desacuerdo con las ideas que en él se expresan. [6 puntos]

COMENTARIO DUN TEMA XERAL DE ACTUALIDADE**Texto**

Quizais deberíamos copiar os italianos. En Italia, os menores de idade non poderán navegar libremente pola Internet dende os seus teléfonos móbiles no caso de non contaren cun control parental activado nos seus dispositivos móbiles ou de non seren quen de burlalo.

Moitos considerarán a medida excesiva, sobre todo aqueles pais que entregan un móbil aos seus fillos para que dese xeito a súa proxenie os moleste o menos posible. Porén, ao meu entender, non o é de xeito ningún. Non debemos pasar por alto que os menores, agás casos excepcionais e na práctica, teñen o mesmo acceso ca un adulto a páxinas con contidos relacionados coa pornografía, a venda de armas, xogos de azar e apostas, drogas, instigación ao suicidio, ao odio e á intolerancia e un longo etcétera.

Non pensemos que os italianos atoparon a panacea para que os menores de idade non poidan acceder a lugares tan pouco recomendables. Os rapaces están alarmantemente preparados para burlar eses controis. Pero, cando menos, é unha toma de postura por parte do Goberno daquel país para recoñecer que o problema é importante e hai que comezar a concienciar a poboación de que chegou o momento de atallalo.

Os mozos nos van pór nada da súa parte para, *motu proprio*, deixar de visitar esas páxinas. Por iso son as autoridades, e sobre todo os pais, quen teñen que deixar a pel educando os seus fillos na cultura de que todos eses contidos son superfluos e nocivos. Eles non os tiveron na súa nenez e adolescencia e tan mal non lles foi na vida.

(Ignacio Bermúdez de Castro, *La Voz de Galicia*, 22 de novembro de 2023, traducido)

CUESTIÓNS

1. Indique, nunha frase de non máis de 25 palabras, cal é o tema principal que se trata no texto. [2 puntos]
2. Resuma, nunha extensión aproximada de 100 palabras, o contido do texto, dando conta das ideas principais e secundarias deste. [2 puntos]
3. Elabore un comentario crítico no que exprese a súa opinión sobre o contido do texto, manifestando, de xeito argumentado e razoado, o seu acordo ou desacordo coas ideas que nel se expresan. [6 puntos]